


O CANCIONEIRO DA AJUDA CEN ANOS DESPOIS



XUNTA DE GALICIA

O *CANCIONEIRO DA AJUDA*, CEN ANOS DESPOIS

**Actas do Congreso realizado pola
Dirección Xeral de Promoción Cultural
en Santiago de Compostela e na
Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004**

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo
2004

Jesús Pérez Varela

Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo

Mª del Carmen García Campelo

Directora Xeral de Promoción Cultural

Xavier Senín Fernández

Subdirector de Promoción Cultural, do Libro e Bibliotecas

Mercedes Brea

Coordinadora Científica

Coordinación: Charo Ferreiro e Inmaculada Pena

Deseño de cuberta: Antonio Castro Ferreiro

Revisión do texto: Carlos Arias

Gerardo Pérez Barcala

Xunta de Galicia

Santiago de Compostela, 2004

ISBN: 84-453-3919-2

Dep. Legal: C-2487/04

Edita: Xunta de Galicia

Imprime: Tórculo

ÍNDICE

CONFERENCIAS PLENARIAS

Maria Ana Ramos

O Cancioneiro ideal de D. Carolina.....13

Harvey L. Sharrer

Estado actual de los estudios sobre el Cancioneiro da Ajuda.....41

Giuseppe Tavani

Carolina Michaëlis e a crítica do texto, cen anos despois da edición de Halle55

PONENCIAS

O labor filolóxico de Dna. Carolina Michaëlis

Carlos Alvar

Carolina Michaëlis y la lírica tradicional.....67

Yara Frateschi Vieira

“O processo da ama” : passado e presente de uma polêmica trovadoresca79

M^a Isabel Morán Cabanas

Carolina Michaëlis de Vasconcelos e o Cancioneiro Geral de Garcia de Resende99

José Luís Rodríguez

D. Carolina Michaëlis e o texto de escárnio e de maldizer115

Os textos do Cancioneiro da Ajuda

Giulia Lanciani

Repetita iuvant?137

Mariña Arbor Aldea, Paolo Canettieri, Carlo Pulsoni

Le forme metriche del Cancioneiro da Ajuda145

Dominique Billy

Regroupements métriques dans le Chansonnier d’Ajuda177

Manuel Pedro Ferreira	
<i>O rasto da música no Cancioneiro da Ajuda</i>	185
Juan Paredes	
<i>Textos alfonsés en la edición del Cancioneiro da Ajuda de Carolina Michaëlis (Halle, 1904): comentarios críticos, biográficos e histórico-literarios</i>	211
Pilar Lorenzo Gradín	
<i>Unidade e diversidade poéticas. As cantigas de refrán do Cancioneiro da Ajuda</i>	225
Fernando Carmona Fernández	
<i>Tristán y la narrativa trágica en las cantigas de amor</i>	243
Esther Corral Díaz	
Pero sei que me quer matar... aquel matador: <i>a conceptualización de matar no Cancioneiro da Ajuda</i>	261
Gérard Gouiran	
<i>Fortunes de mer: Le péril de la mer chez les troubadours galiciens-portugais et occitans</i>	277
Maria do Rosário Ferreira - José Carlos Ribeiro Miranda	
<i>Meendinho ou as ondas em águas paradas</i>	293
Elvira Fidalgo	
<i>E desmesura fazedes / que de min non vos doedes: la reputación de la dama</i>	313
Attilio Castellucci	
<i>Temas e motivos no Cancioneiro da Ajuda</i>	331
Gema Vallín	
<i>¿Temas y motivos en el Cancioneiro da Ajuda?</i>	351
Graça Videira Lopes	
<i>O Cancioneiro da Ajuda e a questão dos géneros</i>	357
Xosé Bieito Arias Freixedo	
<i>Ambigüidade e equívoco nas cantigas de amor</i>	373
Carlos Paulo Martínez Pereiro	
<i>Falad'amigo... falade migo. Para a descrición e discreción dos usos paronomásticos no trobadorismo profano galego-portugueses</i>	403

Os trobadores do Cancioneiro da Ajuda

Xosé Luís Couceiro

As cantigas a través das escolmas galegas (1886-1975)427

José Carlos Ribeiro Miranda

O autor anónimo de A 36/A 39443

Antonia Vázquez

Notas biográficas de Doña Carolina Michaëlis y notas sobre el estado de la cuestión459

José António Souto Cabo

Airas Fernandes Carpancho e Nuno Eanes de Cêrcio.....473

Xosé Ramón Pena

A singularidade do Cancioneiro da Ajuda e o “desvío” galego485

COMUNICACIÓNS

Mariña Arbor Aldea

Editar Ajuda: principios teóricos para unha nova experiencia ecdótica497

Francisco Fernández Campo

Reflexións para unha lectura de Oý eu sempre, mia sennor, dizer, de Pai Gomez Chariño (A 248, B 816, V 400)513

María do Pilar Zapico Barbeito

As dúas cantigas do Cancioneiro de Ajuda atribuídas a Pero Gomez Barroso525

Déborah González Martínez

Algúns problemas de atribución no Cancioneiro da Ajuda: o caso das cantigas A68 e A69543

Alexandre Gaiferos Parrado Freire

Algúns problemas de atribución no Cancioneiro de Ajuda: o caso das cantigas A 184 e A 291555

M^a do Socorro Oliveira Brandão

A cuestión das lacunas no Cancioneiro da Ajuda: a outra face da produción amorosa dos poetas de A.565



Santiago Gutiérrez García	
<i>A parodia de xéneros a través do léxico do sufrimento nos escarnios de amor galegoportugueses</i>	577
Gerardo Pérez Barcala	
« <i>Ay lume d'estes olhos meus</i> »: <i>O lume, a descriptio amantium e o sufrimento amoroso na lírica galego-portuguesa</i>	595
Mariola Rodríguez González	
<i>A antítese no Cancioneiro da Ajuda</i>	627
Xavier Ron	
<i>O silencio e as marxas do Cancioneiro da Ajuda</i>	641
Joaquim Ventura	
<i>As cantigas intrusas do Cancioneiro da Ajuda</i>	667
Alexandre Ripoll Anta	
<i>Unha análise de determinadas cantigas do Cancioneiro de Ajuda desde a perspectiva da métrica rítmica</i>	675

ALGÚNS PROBLEMAS DE ATRIBUCIÓN NO *CANCIONEIRO DA AJUDA*: O CASO DAS CANTIGAS A68 E A69

DÉBORAH GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

O *Cancioneiro da Ajuda*¹, depositado actualmente na Biblioteca do Palácio da Ajuda, en Lisboa, é a colección máis antiga de textos líricos galego-portugueses que se conserva. Calcúlase a data da súa confección no último cuarto do século XIII ou principios do XIV, principalmente sobre a base do tipo de grafía (minúscula gótica moi regular) e outras características formais, semellantes ás que presentan os cancioneros marianos elaborados no *scriptorium* de Afonso X².

O cancionero chegounos incompleto, non só polas mutilacións posteriores á fase da súa creación, senón tamén por ser un códice inacabado: permaneceron espazos en branco destinados á copia de fragmentos de maior ou menor extensión e incluso, ás

¹ Advírtase que os datos presentados poden ser, nalgúns casos, inexactos, xa que para o traballo consultamos a edición facsimilar do cancionero, anterior á restauración do manuscrito orixinal levada a cabo no ano 2000; vid. *Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda. Apresentação, Estudos e Índices*, Lisboa: Tavola Redonda, Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico Biblioteca da Ajuda, 1994.

² Vid. M. A. Ramos, "Cancioneiro da Ajuda", G. Lanciani e G. Tavani (coords.), *Dicionário de Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Lisboa: Caminho, 1993, pp. 115-117; A. Resende de Oliveira, *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*, Lisboa: Colibri, 1994, p. 19.

veces, folios enteiros para seren copiadas con posterioridade as composicións dun trobador novo ou xa presente na colectánea.

A característica de códice inconcluso é apreciable na transmisión dos textos, así como na tarefa do iluminador, pois o seu traballo conclúe na cantiga numerada como A224, e na falta de notación musical, que non se reproduciu en ningún caso malia o espazo reservado para esta³.

Tal como chega a nós, o cancionero consta de 310 composicións pertencentes, en principio, ao xénero da *cantiga de amor*. Os textos transmítense de forma anónima, pois quedaron sen escribir todas as rúbricas atributivas, que con probabilidade habían ser postas posteriormente en tinta vermella. O certo é que en *Ajuda*, dado o anonimato no que se transmiten as composicións, a iluminación cobra grande importancia á hora de marcar lindes entre a obra dun autor e outro. Como xa indicou Maria Ana Ramos no estudo que acompaña á edición facsimilar do *Cancioneiro da Ajuda*⁴, a decoración prevista para este cancionero seguía o esquema habitual practicado neste período. A pesar de quedar inconcluso o traballo do iluminador, sabemos que o plan era realizar unha miniatura precedendo ao *corpus* de cada un dos trobadores e encabezar cunha inicial capital de maior tamaño e ornamento. Segundo indica Antón Resende de Oliveira:

Do projecto inicial constava fazer preceder a obra de cada compositor de uma iluminura, seguindo-se-lhe a inicial ornada da primeira cantiga de amor e, entremendo a primeira estrofe de cada uma delas, a transcrição da notação musical respectiva⁵.

O feito de que a iluminación non fose rematada (unido a algunha perda de folios ou cadernos) implica que só sexan reproducidas dezaseis miniaturas. Deste xeito, as miniaturas ou, no seu defecto, os correspondentes espazos en branco reservados para a súa feitura posterior, delimitan a obra de cada autor.

Grazas ás coincidencias (en contido e disposición) entre os diferentes testemuños conservados, pódese coñecer o nome dunha boa parte dos trobadores que están incluídos no *Cancioneiro da Ajuda*. Xa que no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* e no *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana* as composicións veñen dispostas baixo a rúbrica atributiva dun trobador, por medio da comparación con estes cancioneros e cos

³ Cfr. G. Tavani (*A poesía lírica galego-portuguesa*, Vigo: Galaxia, 1991, p. 52): "... tamén A debería conter a notación musical en correlación cos renglóns correspondentes á primeira estrofa de cada poema, os versos do cal (a diferenza dos outros que ocupan cadansúa ringleira) están escritos sen solución de continuidade, separados un do outro soamente por un punto: o espazo de tres renglóns que se deixa libre entre un renglón e outro de escritura para trazar nel pentagrama e notas quedou, pola contra, baleiro".

⁴ M. A. Ramos, "O Cancioneiro da Ajuda", *Cancioneiro da Ajuda*, pp. 27-47.

⁵ A. Resende de Oliveira, *Depois do espectáculo trovadoresco*, p. 19.

nomes que conforman o índice da *Tavola Colocciana*⁶, foi posible a identificación en *Ajuda* da obra de 38 poetas coñecidos. Só aqueles textos transmitidos unicamente por A, non transcritos nos apógrafos italianos, son os que fican no anonimato⁷.

No entanto, neste panorama, localizamos unha serie de textos transmitidos por *Ajuda* que presentan unha casuística complexa no que respecta a súa autoría, pois, a pesar de estaren reproducidos no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* e no *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana*, hai algún factor que dificulta a adscrición segura a un trobador determinado. As cantigas transmitidas por A, B e V con autoría conflictiva son, de maneira particular, as seguintes: *En gran coita vivo señor* (A68, B181^{bis}, B1451, V1061), *Nostro señor en que vos mereci* (A69, B182), *Muitos veg'eu que se fazen de mi* (A184, B677, V279), *A mia señor que eu máis doutra ren* (A291, B982, V569).

No presente traballo analizarase a problemática que afecta e caracteriza ás cantigas *En gran coita vivo señor* e *Nostro señor en que vos mereci*⁸. Coidarase de detallar a localización dos textos nos cancioneiros e completarase o estudo coa exposición das opinións e propostas que ata o momento se ofreceron sobre a atribución de cada unha das cantigas.

O conflito radica en que foron transmitidas en A como dúas cantigas dun mesmo autor (copiadas no mesmo folio, unha a seguir doutra, baixo unha mesma miniatura), pero cada unha delas é atribuída a un trobador diferente nos códices italianos. Resende de Oliveira formula a cuestión desde a seguinte perspectiva:

Segundo o testemuño de A, o mais antigo e aquele que nos deberá guiar na resolución deste intrincado problema, as cantigas 68 e 69, posteriormente atribuídas a dois autores, pertenceriam a um único trovador, dado terem sido transcritas numa mesma página e antecedidas por uma iluminura. Importa, assim, sabermos a qual dos autores a quem são atribuídas em B elas pertenceriam. A Nuno Rodrigues de Candarei ou a Nuno Porco?⁹

⁶ Reprodución, edición crítica con anotacións e estudo de E. Gonçalves, "La Tavola Colocciana. *Autori portughesi*", *Arquivos do Centro Cultural Português*, 10, 1976, pp. 387-463.

⁷ Cfr. G. Tavani (*A poesía lírica galego-portuguesa*, p. 52): "... finalmente faltan absolutamente rúbricas atributivas, que se cadra deberían ser engadidas nun segundo momento, polo que tódolos textos contidos en A resultan anónimos, e as asignacións ós autores foron posibles unicamente por cotexo cos outros cancioneiros e só para os textos comúns a estes e a A". Naturalmente, é posible tamén conxecturar a autoría daqueles textos non reproducidos máis que en A cando forman parte indubidable dun conxunto de cantigas das que parte delas si aparecen en B e/ou V con rúbricas atributivas.

⁸ Para as outras dúas, vid. G. Parrado Freire, "Algúns problemas de atribución no *Cancioneiro da Ajuda*: o caso das cantigas A184 e A291", artigo complementario deste recollido nas presentes actas.

⁹ Cfr. A. Resende de Oliveira, *Depois do espectáculo trovadoresco*, p. 69.



Pero o problema ensaríllase, pois no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa* a cantiga *En gran coita vivo señor* (A68, B181^{bis}, B1451, V1061) aparece duplicada e dobremente atribuída: por un lado, asígnase a Nuno Rodriguez de Candarei en B181^{bis} e, por outro, a Johan de Gaia en B1451, igual que en V1061. Para máis, transmítese en dúas versións diferenciadas polo número de cobras: a lección de *Ajuda* consta de tres cobras e coincide coa versión atribuída a Candarei; fronte a esta, a que figura atribuída a Johan de Gaia no segundo testemuño de *B* e en *V* conta cunha nova segunda cobra que se une ás outras tres¹⁰.

En gran coita vivo señor, numerada como A68, aparece reproducida no *Cancioneiro da Ajuda*, no folio 17r ao longo das columnas *a* e *b*. Figura baixo a miniatura que marca inicio dun novo trovador e está seguida da composición *Nostro señor en que vos mereci*. Estas dúas composicións conforman a serie das *cantigas de amor* que se transmiten deste trovador no cancionero. Este pequeno *corpus* está entre as *cantigas de amor* de Airas Carpancho e Nuno Fernandez Torneol, segundo as atribucións de *B*. Malia o exposto, debemos recoñecer a existencia dun baleiro, a sétima lagoa identificada no cancionero, localizada entre os folios 17 e 18 do caderno III¹¹. Sobre este espazo, Resende de Oliveira sinala que:

Em *A*, após a cópia da primeira estrofe da segunda cantiga de amor deste trovador (A69) seguir-se-iam três páginas em branco, pressupondo talvez, por parte do compilador deste cancionero, dificuldades na transcrição da obra deste autor que o terão obrigado a deixar em branco um espaço relativamente amplo de modo a poder, posteriormente, completar essa obra¹².

Michaëlis dubida sobre cales serían as posibles composicións que se pensaban transcribir neste espazo do *Cancioneiro da Ajuda*. A súa hipótese non coincide coa de Resende: non sería un espazo destinado a recibir a obra dun só autor; a estudosa opinaba que o folio desaparecido podería incluír o pequeno ciclo dun trovador diferente do das cantigas 68 e 69 e, dado que as composicións seguintes están encabezadas por unha miniatura, non é plausible considerar que se trate tampouco deste segundo autor. Así pois, a cuestión fica aberta, e sobre os textos que puideron ocupar a lagoa precisa: “Talvez fossem as cantigas 180 e 181 do *CB*, com atribuição ao trovador Nuno Porco, cujo nome aparece no Índice?”¹³. Pese a este razonamento,

¹⁰ Para un problema semellante, véxase, neste mesmo volume, G. Parrado, “Alguns problemas de atribución no *Cancioneiro da Ajuda*: o caso das cantigas A184 e A291”.

¹¹ Vid. *Cancioneiro da Ajuda*, p. 68.

¹² Cfr. A. Resende de Oliveira, *Depois do espetáculo trovadoresco*, p. 144.

¹³ Cfr. C. Michaëlis, *Cancioneiro da Ajuda*, [Lisboa:] Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 1904, vol. I, p. 148.

cómpre precisar que en apéndice reproduce B180, *Ben deviades, mia senhor*, e B181, *En que grave dia, senhor* baixo a atribución a Nuno Rodriguez de Candarei, seguindo as atribucións de B.

A versión da cantiga transmitida por *Ajuda* consta de tres cobras. Como xa se comentou, esta mesma estrutura é a que vén reproducida nun dos dous testemuños que ofrece B, máis concretamente no texto numerado como B181^{bis}.

En realidade, no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* os problemas de atribución multiplícanse porque as dúas copias xa sinaladas están transmitidas en dúas seccións ben diferenciadas do cancionero e atribuídas a distintos trobadores en cada unha delas.

A primeira das versións, B181^{bis}, aparece transcrita nas columnas *a* e *b* do folio 45^v pertencente ao caderno 6. Está copiada na sección correspondente ás *cantigas de amor*, correctamente encadrada na estrutura tripartita segundo o xénero, xa característica da colectánea primixenia. Esta primeira copia, que, como se acaba de indicar, consta de tres cobras, vén sendo atribuída a Nuno Rodrigues de Candarei, trobador a quen se lle asignan nesta mesma sección de B as composicións *Ben deviades, mia señor* e *En que grave dia señor*, numeradas como B180 e B181 respectivamente. Nesta parte do cancionero, a obra do mencionado trobador está precedida da obra atribuída a Airas Carpancho, que comprende de B175 a B179, e é inmediatamente seguida do fragmento dunha *cantiga de amor*, B182, baixo a rúbrica atributiva de Nuno Porco, como veremos de inmediato.

Comprobando a listaxe de trobadores da *Tavola Colocciana*, advírtese que está ausente nesta altura a referencia a Nuno Rodriguez de Candarei, de tal xeito que a cantiga que nos ocupa (igual que as dúas anteriores, B180 e B181) queda aquí atribuída ao trobador que en B figura como anterior a Candarei: Airas Carpancho. Efectivamente 175 é a primeira das composicións do ciclo atribuído a Airas Carpancho, mais, a diferenza de B, o ciclo comprende en C ata a cantiga 181. Nuno Porco é o seguinte trobador na listaxe e asígnaselle só a composición 182, igual que en B. Non é difícil considerar un posible erro de Colocci, omitindo involuntariamente a referencia a Candarei, mais este despiste non deixa de ser un engadido á problemática da autoría¹⁴.

Como se enunciou nun principio, o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* achega dous testemuños desta cantiga en dúas versións diferenciadas pola estrutura, pois unha conta con tres cobras e a outra con catro. Esta segunda corresponde a B1451,

¹⁴ “Nella *Tavola* Colocci ha tralasciato di copiare il nome del trovatore Nuno Rodrigues de Canderey, al quale sono attribuiti in B i testi 180, 181 e [181^{bis}]: una omissione che Molteni aveva già segnalato nella notizia sul ritrovamento del canzoniere B” (cfr. E. Gonçalves, “La Tavola Colocciana. *Autori portuguesi*”, p. 438).

localizada na columna *b* do folio 301v e ao longo da columna *a* do folio 302r conformantes do caderno 36. Está incluída no ciclo de cantigas que neste lugar se recollen baixo a rúbrica que atribúe a Johan de Gaia a responsabilidade dos textos, desde B1448 a B1452, inseridos dentro da sección pensada inicialmente para transmitir cantigas de escarnio. Figuran con anterioridade composicións de escarnio e maldizer de Pero Barroso (B1441-B1446), e a partir de B1453 iníciáanse as composicións atribuídas a Johan Baveca.

Igualmente sucede en V1061, onde se documenta a presenza desta cantiga con catro cobras no folio 172v, columna *b*, e 173r, columna *a*. A autoría está tamén aquí atribuída a Johan de Gaia. O carácter acéfalo do códice da *Vaticana* impide coñecer con certeza se esta mesma composición se repetía, do mesmo xeito ca en *B*, noutra parte do cancionero.

Tampouco neste caso a *Tavola Colocciana* é de grande axuda. O ciclo de cantigas atribuído nesta altura a Johan de Gaia está iniciado en 1448, como en *B*, e remata na 1449, pois a seguinte composición vén atribuída a Pero Amigo, cun ciclo que inclúe da 1450 á 1452. A seguir, encabezando a composición 1453, figura na *Tavola Colocciana* Johan Baveca (1453-1466). Seguindo o sinalado por Elsa Gonçalves no seu estudo da *Tavola Colocciana*, un posible despiste do humanista italiano na lectura de *B* levou á presenza da rúbrica errónea, “1450. Pero Amigo”¹⁵. Se examinamos *B*, comprobaremos que sobre a cantiga numerada como 1450 aparece escrito o que podería ser o íncipit sen rematar dunha cantiga ou o comezo dunha fínda da composición anterior: *pero amig9 ey eu*¹⁶, o que debeu dar lugar á confusión co nome do trobador Pedr’Amigo de Sevilha.

A seguinte cantiga que nos ocupa é transmitida por dous testemuños e debe ser estudada conxuntamente coa cantiga anterior por estar asociadas en *A*; trátase concretamente do texto numerado como A69, B182: *Nostro señor en que vus mereci*.

Pola súa disposición en *Ajuda*, o texto debe ser atribuído ao mesmo autor de *En gran coita vivo señor* que, como se acaba de ver, ofrece problemas a este respecto

¹⁵ “Riferirò infine un errore della *Tavola* che non è stato ancora utilizzato ai fini della discussione sui rapporti tra l’indice colocciano e il canzoniere B. Si tratta di un errore evidente della *Tavola*, la quale assegna a Pero Amigo i testi 1450-1452 (=V 1060-1062) appartenenti invece a Martin Soares, secondo la concorde testimonianza di B e V. La genesi di questo errore potrebbe essere ravvisata nel particolare aspetto e contenuto del foglio di B che conserva la cantiga n° 1450: in esso, dopo il sesto verso dell’ultima strofa della precedente cantiga, troviamo, a distanza di una riga e separato dalle poesie successive da uno spazio bianco di altre tre righe, l’inizio di un verso “Pero amig9 ey eu”, con sottolineatura delle prime due parole, che benissimo avrebbero potuto essere confuse con il nome del noto poeta Pedr’Amigo de Sevilha” (Cfr. E. Gonçalves, “La *Tavola Colocciana*. *Autori portughesi*”, p. 405). En realidade, *B* e *V* non atribúen estas cantigas a Martin Soares, senón a Johan de Gaia, como xa se indicou.

¹⁶ Da man do mesmo copista, e seguido dun espazo en branco equivalente a dúas ou tres liñas.

(¿Nuno Rodrigues de Candarei ou Johan de Gaia?). Formada por unha cobra de sete versos decasílabos, foi copiada no folio 17r, na metade inferior da columna *b*. A súa estrutura, inusual entre as *cantigas de amor* pola súa brevidade, e o espazo que segue son indicios da súa natureza fragmentaria¹⁷. De ser así, esta corresponde á primeira cobra, pois, como se pode observar no *Cancioneiro da Ajuda*, entre os versos reservouse a marxe necesaria para a transcripción da música.

Do mesmo xeito ca en *Ajuda*, o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* transmite os sete versos a modo dunha única cobra, sobre a que o mesmo Colocci anotou *una stanza*, segundo Michaëlis, para indicar que só tiña esta na súa man para ser reproducida¹⁸. O fragmento en cuestión está situado inmediatamente despois da rúbrica atributiva a Nuno Porco, a quen só se lle atribúe este texto neste lugar do cancionero. A composición, numerada como B182, copiada na columna *b* do folio 45v pertencente ao caderno 6, está precedida, do mesmo xeito ca no *Cancioneiro de Ajuda*, da cantiga *En grave coita vivo señor*, B181^{bis}, que, como xa vimos, está atribuída en *B* a Nuno Rodriguez de Candarei. A composición seguinte, B183, figura baixo a atribución de Nuno Fernandez Torneol.

Probablemente a causa do carácter acéfalo do códice, a composición correspondente a B182 e, polo tanto, tamén a súa atribución, non está presente no *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana*. De estar incluída, figuraría na parte inicial afectada pola perda de folios pois, como se sabe, a primeira composición conservada en *V* correspóndese con B391¹⁹.

Como xa se comentou para o caso anterior, a *Tavola Colocciana* atribúe a cantiga 182 a Nuno Porco, precedido na listaxe do trobador Airas Carpancho (do 175 ao 181) e seguido de Nuno Fernandez Torneol (do 183 ao 224).

¹⁷ “Les blancs qui suivent ces poèmes au Chansonnier d’Ajuda signifient que le compilateur savait que ces poèmes particuliers étaient incomplets ou bien qu’il n’était pas satisfait de la qualité textuelle de son témoin et qu’il décida d’attendre jusqu’à obtenir un témoin plus sûr. Comportement de philologue.

Une interprétation possible de ces blancs est celle que la tradition textuelle des poètes concernés (Joan Soayrez Ssomeso, Paay Soarez de Taveros, Martin Soares, un anonyme, Nuno Fernandez de Candarey, Nuno Fernandez Torneol, Pero Garcia Brugales, Don Fernan Garcia Esgraravunha, Vaasco Gil, Johan Coelho, Johan Lopes d’Ulhoa, Fernan Gonçalves de Seavra et Fernan Velho) est arrivée au compilateur d’Ajuda dans une condition fragmentaire qui n’a pu être améliorée par la suite et que, seulement cinq poètes, (Martin Soares, Nuno Rodrigues de Candarey, Pero Garcia Burgales et Fernan Velho) incomplets dans le Chansonnier d’Ajuda, se sont présentés en tradition plus complète au cours de la confection de l’autre anthologie” (cfr. M. A. Ramos, “L’eloquence des blancs dans le Chansonnier d’Ajuda”, *Stylistique, Rhétorique et Poétique dans les langues romanes. Actes du XVII Congrès International de Linguistique et Philologie Romantes (Aix-en-Provence, 29 -3 Septembre 1983)*, vol. 8, 1986, p. 220).

¹⁸ Vid. C. Michaëlis, *CA*, vol. I, p. 147.

¹⁹ Vid. A. Ferrari, “Cancioneiro da Biblioteca Vaticana”, Lanciani - Tavani (coords.), *DLMGP*, pp. 123-126.

En síntese, dedúcese que a autoría de *Nostro Señor, en que vos mereci*, segundo se transmite en *Ajuda*, debe ser adxudicada ao responsable de *En gran coita vivo señor*. Mais ningún dos dous trobadores aos que lles é atribuída *En gran coita vivo señor* (Nuno Rodriguez de Candarei en B181^{bis} e Johan de Gaia en B1451 e V) coincide co trobador ao que se lle atribúe *Nostro Señor, en que vos mereci* en B, Nuno Porco.

Mariagrazia Russo²⁰ dedicou un pequeno traballo á composición *En gran coita vivo señor*, tratando por un lado o problema da autoría e, por outro, o da transmisión diferenciada en tres ou catro cobras. Sen declarar a autoría dun ou doutro, presenta a posibilidade de adscribir unha versión de tres cobras a Nuno Rodriguez de Candarei e unha reelaboración desta por parte de Johan de Gaia consistente en catro cobras. Engade, en apoio a esta idea, que Johan de Gaia foi un trobador con propensión á *cantiga de seguir*: das tres rúbricas explicativas que hai nos cancioneiros para facer referencia explícita a este tipo de cantiga, dúas acompañan ás súas composicións *Vosso pai na rua* e *Eu convidei un prelado a jantar, se ben me venha* (a outra terceira pertence a Lopo Lians, *Quen oi'ouvesse*)²¹. Sobresae tamén na reelaboración de tópicos e motivos, por exemplo, na parodia que establece entre os *ollos verdes* e os *alhos verdes*²².

Tamén António Resende de Oliveira apoia a autoría de Candarei en detrimento de Johan de Gaia no referente á composición A68. Fundaméntase principalmente na cronoloxía dos trobadores e no incremento da cobra segunda como froito da práctica poética de reelaboración propia de Johan de Gaia, seguindo as ideas achegadas por Mariagrazia Russo.

O estudoso opina que Nuno Rodriguez de Candarei, pola disposición en B, é un trobador anterior a Nuno Porco, pois a obra deste último sería compilada xa no século XIV. A hipótese é avalada por ser un trobador non integrado nos materiais incorporados polo compilador de A, e que existan diferenzas entre este cancioneiro e os quíñentistas. Así pois, conclúe que A68 e A69 pertencen a Nuno Rodriguez de Candarei, e deben serlle atribuídas B181^{bis} e B182, malia a rúbrica atributiva da segunda a Nuno Porco. A confusión viría dada cando as composicións deste trobador foron incluídas na sección das cantigas de amor, por afectar a orde das composicións xa pre-

²⁰ Cfr. M. Russo, “*En Gran Coita Vivo Sennor* (A68, B[181bis]; B1451, V1061): un Caso nella Lirica Galego-Portoghese di Doppia Tradizione e Dubbia Attribuzione?”, Aires A. Nascimento / Cristina Almeida Ribeiro (eds.), *Actas do IV Congreso da Associação Hispânica de Literatura Medieval*, Lisboa: Cosmos, IV, pp. 139-145.

²¹ Vid. M. Brea (coord.), *Lírica Profana Galego-Portuguesa: Corpus completo das cantigas medievais, con estudo biográfico, análise retórica e bibliografía específica*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro / Xunta de Galiza, 1996, vol. I, pp. 31, 429, 431, 597.

²² Vid. M. Russo, “*En Gran Coita Vivo Sennor*”, pp. 139-145.

sentes²³. A pesar disto, o interrogante queda aberto, pois, se ben esta hipótese é válida, tamén se pode pensar que as composicións atribuídas a Nuno Porco non son todas as que están baixo o seu nome. Para Resende de Oliveira

B presenta na mesma zona dúas novas cantigas de amor, contudo o nome que as antecede non é o de Nuno Porco mas o de Nuno Rodrigues de Candarei. Poderá ter havido aquí tamén un erro do compilador ou de um copista e estas composicións pertencerem antes a Nuno Porco? Se não, como comprender a presenza de Porco neste local quando não trazia consigo nenhuma composición?²⁴

Da mesma forma Carolina Michaëlis atribúe A68 e A69 a Nuno Rodriguez de Candarei. Sobre a segunda cobra da composición *En gran coita vivo, señor*, dá a seguinte indicación en nota:

A 2ª estrophe não se encontra senão no CV. O CA tem, comtudo, no fim da cantiga, espaço reservado para mais uma estancia, que talvez fosse a que introduzi no lugar indicado pelo systema estrophico²⁵.

Por este motivo na súa edición do *Cancioneiro da Ajuda* a composición de tres cobras atribuída a Candarei aparece incrementada coa cobra segunda atribuída a Johan de Gaia. Sobre A69 só fai alusión en nota ao seu carácter incompleto²⁶; e acerca dos problemas de atribución recoñece non saber explicar cómo é posible que Nuno Porco figure en *B* e *C* como o seu autor²⁷.

José Pedro Machado e Elza Paxeco, na edición do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional: antigo Colocci-Brancuti*, reproducen a composición dúas veces: unha baixo a atribución a Candarei e outra atribuída a Johan de Gaia. Preséntase a Candarei como autor de *En gran coita vivo, señor* na lección de A68, B181^{bis} (indícase a atribución a Johan de Gaia para este testemuño; baséanse na lección que ofrece *V* para reconstruír a segunda cobra²⁸). Por outro lado, presentan a Johan de Gaia como autor de B1451 e V1061. Non obstante, non hai detalles que expliquen o criterio ao que

²³ Vid. A. Resende de Oliveira, *Depois do espectáculo trovadoresco*, p. 69.

²⁴ Cfr. A. Resende de Oliveira, *Depois do espectáculo trovadoresco*, p. 70.

²⁵ Cfr. C. Michaëlis, *CA*, vol. I, p. 145.

²⁶ “Ambos os codices conservaram unicamente esta estrophe. O espaço branco, que o copista do CA reservou também aqui, ficou por encher” (cfr. C. Michaëlis, *CA*, vol. I, p. 147).

²⁷ Vid. C. Michaëlis, *CA*, vol. II, p. 343.

²⁸ “Não numerada no ms.; 157 de Molt.; C.A. 68; C. V. 1061 (atribuída a *Johan de Gaya escudeyro*). (...) A segunda estancia falta no ms.; copiamo-la de C. V., o único códice que a regista...”; é evidente que se pasou por alto o testemuño de B1451, consistente tamén en catro cobras. (Cfr. J. P. Machado/ E. Paxeco Machado, *Cancioneiro da Biblioteca Nacional: antigo Colocci-Brancuti*, Lisboa: Revista de Portugal, 1949-1964, vol. I, p. 278).

obedece esta solución. En canto á cantiga *Nostro Senhor, en que vos mereci*, atribúe-na a Nuno Porco, cunha referencia en nota da postura adoptada pola estudosa alemana na edición do *Cancioneiro da Ajuda*²⁹.

En síntese, a causa dos problemas de autoría destas dúas cantigas responde, principalmente, á conxunción de tres factores: a orde secuencial na que se transmiten en A, a discrepancia nas atribucións marcadas por B, V e C, e a dobre presenza dunha das composicións en B. A disposición no *Cancioneiro da Ajuda* evidencia un só responsable dos textos, mentres que a inclusión destas composicións nos apógrafos italianos implican tres nomes de trobadores distintos.

Observamos que estudosos como Carolina Michaëlis ou Elsa Paxeco e José Pedro Machado consideran a Nuno Rodriguez de Candarei autor de *En gran coita vivo señor*, na versión de catro cobras. Fronte a esta postura Mariagrazia Russo, e outros que se unen á súa proposta, como son António Resende de Oliveira, Montserrat Muriano³⁰, ou tal como se amosa na solución adoptada na *Lírica Profana Galego-Portuguesa*³¹, atribúese a autoría da versión en tres cobras a Nuno Rodriguez de Candarei, mentres que a conformada por catro cobras vén baixo o nome de Johan de Gaia por considerala reelaboración da anterior.

No referente á cantiga *Nostro Señor! en que vos mereci*, é considerada cantiga incompleta pola crítica. Para Michaëlis, Oliveira e Muriano, así como na *LPGP*, a cantiga é da autoría de Nuno Rodriguez de Candarei. En cambio, G. Tavani³² ou Jean-Marie d'Heur³³ presentan a Nuno Porco como responsable.

As propostas están baseadas en argumentacións que non deixan definitivamente pechada a cuestión. Nun caso como o exposto, parece difícil chegar a ter completa certeza da responsabilidade autorial. A única posibilidade, e a máis plausible, é resolvéndose tan só como hipóteses, máis ou menos válidas, pero hipóteses ao fin e ao cabo, fundamentadas no propio proceso de transmisión textual.

²⁹ Vid. J. P. Machado/ E. Paxeco Machado, *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*, vol. I, pp. 275-279 (Nuno Rodriguez de Candarei); p. 280 (Nuno Porco).

³⁰ M. Muriano, *Nuno Rodrigues de Candarei: problemas codicológicos y textuales (Edición de sus cantigas)*, Tese de licenciatura dirixida pola profesora Gema Vallín Blanco, Universidade da Coruña, 1996 (Inédita).

³¹ M Brea (coord), *LPGP*, vol. I, pp. 17, 20.

³² Vid. G. Tavani, *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*, Roma: Edizioni dell'Ateneo, 1967, pp. 471-472.

³³ Vid. J.-M. D'Heur, *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (XII-XIV siècles)*, 1975, p. 41.

BIBLIOGRAFÍA

- (LPGP=) BREA, M. (coord.), *Lírica Profana Galego-Portuguesa: Corpus completo das cantigas medievais, con estudo biográfico, análise retórica e bibliografía específica*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro / Xunta de Galiza, 1996, 2 vols.
- Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda. Apresentação, Estudos e Índices*, Lisboa: Edições Távola Redonda/ Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico / Biblioteca da Ajuda, 1994.
- Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti). Cód. 10991*, Lisboa: Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982.
- Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*, Lisboa: Centro de Estudos Filológicos-Instituto de Alta Cultura, 1973.
- D'HEUR, J.-M., *Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (XII-XIV siècles). Contribution à l'étude du "Corpus des troubadours"*, Liège, 1975.
- FERRARI, A., "Cancioneiro da Biblioteca Vaticana", in LANCIANI, G. / TAVANI, G. (coords.), *DLMGP*, Lisboa: Caminho, 1993, pp. 123-126.
- GONÇALVES, E., "La Tavola Colocciana. Autori portugueses", *Arquivos do Centro Cultural Português*, X, 1976, pp. 377-406.
- (DLMGP=) LANCIANI, G. / TAVANI, G. (coords.), *Dicionário da literatura medieval galega e portuguesa*, Lisboa: Caminho, 1993.
- MACHADO, J. P. / PAXECO MACHADO, E., *Cancioneiro da Biblioteca Nacional: antigo Colocci-Brancuti*, Lisboa: Revista de Portugal, 1949-1964, vol. I.
- MURIANO RODRÍGUEZ, M., "En gran coita vivo, sennor (A68, B[181^{bis}], B1451, B1061) un posible caso de reelaboración en la lírica gallego-portuguesa", *Edición y anotación de textos. Actas del I Congreso de Jóvenes Filólogos (A Coruña 25-28 de septiembre de 1996)*, A Coruña: Universidade da Coruña, 1998, pp. 479-491.
- , *Nuno Rodrigues de Candarey: problemas codicológicos y textuales (Edición de sus cantigas)*, Tese de licenciatura dirixida pola profesora Gema Vallín Blanco, Universidade da Coruña, 1996 (Inédita).
- OLIVEIRA, A. RESENDE DE, *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*, Lisboa: Colibri, 1994.
- RAMOS, M. A., "Cancioneiro da Ajuda", in LANCIANI, G. / TAVANI, G. (coords.), *DLMGP*, Lisboa: Caminho, 1993, pp. 115-117.

- , “L’eloquence des blancs dans le Chansonnier d’Ajuda”, *Actes du XVII^e Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes (Aix-en-Provence, 29 août-3 septembre 1983)*, Aix-en-Provence, Université de Provence, 1986, vol. VIII, pp. 217-224.
- , “O Cancioneiro da Ajuda. História do manuscrito, descrição e problemas”, *Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda. Apresentação, Estudos e Índices*, Lisboa: Edições Távola Redonda/ Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico/ Biblioteca da Ajuda, 1994, pp. 27-47.
- RUSSO, M., “*En Gran Coita Vivo Sennor* (A68, B[181bis]; B1451, V1061): un Caso nella Lirica Galego-Portoghese di Doppia Tradizione e Dubbia Attribuzione?”, Aires A. Nascimento / Cristina Almeida Ribeiro (eds.), *Actas do IV Congresso da Associação Hispânica de Literatura Medieval*, Lisboa: Cosmos, IV, pp. 139-146.
- TAVANI, G., *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*, Roma: Edizioni dell’Ateneo, 1967.
- , *A poesia lírica galego-portuguesa*, Vigo: Galaxia, 1991.
- (CA=) VASCONCELOS, C. MICHAËLIS DE, *Cancioneiro da Ajuda, Edição crítica e commentada por -*, Halle a. S.: Max Niemeyer, 1904, 2vols. (Imprensa Nacional / Casa da Moeda, Lisboa, 1990, reprint., 2 vols.).